

DECLARACIÓN DA CALRE

Dezaoito anos despois da súa creación en Oviedo, a CALRE (Conferencia de Asembleas Lexislativas Rexionais de Europa) continúa sendo un actor a nivel europeo e un “megáfono” das demandas dos cidadáns e das realidades locais.

As asembleas rexionais con potestade lexislativa, que proveñen de oito estados membros da UE (Austria, Bélxica, Finlandia, Alemaña, Italia, Portugal, España e o Reino Unido), compartiron desde o inicio o obxectivo de incrementar a súa influencia ao nivel europeo, propoñéndose eles mesmos como unha plataforma de cooperación para crear camiños comúns, que teñan en conta as necesidades de territorios individuais e da sociedade civil.

A CALRE é o lugar onde aparecen representados territorios e comunidades plurais. Trátase de territorios e comunidades con diferentes trazos e experiencias, pero igualmente comprometidos en dar un novo impulso ao proceso de integración política europea, co obxectivo de continuar garantindo un futuro de paz e prosperidade.

A CALRE apoia un enfoque europeo *bottom-up* (de abaixo cara arriba), fundado no liderado dos territorios e os seus cidadáns, unha Europa de xente e rexións, unha alternativa á centralización do Estado e das burocracias europeas.

A realidade económica, política e social tras o asinamento do Tratado de Lisboa

A severa crise económica e financeira dos últimos anos, que afectou duramente os países da UE, xerou importantes cambios das dinámicas económicas e sociais: a crise do mercado laboral, o incremento da pobreza, a fragilidade no mantemento dos sistemas económicos e sociais; xerou, desafortunadamente, unha falta de confianza nas institucións públicas e na política.

Debido a unha conxuntura particular de eventos críticos no panorama internacional, Europa está tamén facendo fronte a un fluxo de inmigrantes sen precedentes, que, lamentablemente, provoca un retorno a unha Europa egoísta e indiferente, en detrimento dunha Europa xenerosa e inclusiva que tratamos de construír no proceso de unificación das últimas décadas, de acordo coa visión dos pais fundadores.

A CALRE apoia unha visión de futuro, unha Europa social e tolerante, capaz de adoptar políticas de estabilidade duradeira, capaces de sinalar en orixe as causas que conducen á desestabilización, tamén a través de intervencións que axuden a eliminar as causas do desprazamento forzado e a migración ilegal procedente dos países de orixe aos máis desenvolvidos.

Todas as enquisas do Eurobarómetro indican que existe un crecente afastamento dos cidadáns cara ás institucións europeas, que, nos últimos anos, representou a causa e efecto da brecha percibida en relación cos lexisladores en Bruxelas. As institucións da UE séntense máis distantes das vidas diarias dos cidadáns europeos e, ás veces, incapaces de entender plenamente os problemas que xorden nos territorios, e incapaces de propoñer solucións eficaces.

Ante este escenario de desafección pública, as asembleas rexionais, como un dos interlocutores institucionais máis próximos ao cidadán, deben tomar a iniciativa, non só a través da súa función lexislativa, senón tamén como modelos de exemplaridade institucional para recuperar o interese e, especialmente, a confianza dos cidadáns. Neste sentido, e como xa se desenvolveu na maioría dos parlamentos e asembleas da CALRE, o principio da transparencia pública e a participación cidadá, a través de recursos proporcionados pola e-Democracia, debe ser asumido coma unha constante na actividade diaria das asembleas.

Ante esta situación, a transparencia preséntase coma un elemento clave do proceso de decisión que reforza o carácter democrático das institucións e a confianza dos cidadáns na Administración.

A CALRE e o Estado da Unión: a gobernanza

A nivel institucional europeo a CALRE considera que é esencial ter un enfoque *bottom-up* (de abaixo cara a arriba). Iso implicaría no proceso lexislativo ás autoridades locais e rexionais, en especial aos Parlamentos con potestade lexislativa. A súa función non é simplemente consultiva, senón tamén proactiva, mellorando o liderado daquelas institucións que mellor representan as autoridades rexionais e locais.

A CALRE, como representante de asembleas rexionais con poderes lexislativos, dá a benvida á continuación do debate sobre o futuro de Europa e ao diálogo iniciado polo Comité das Rexións co Parlamento Europeo, no cal se suxire unha futura institucionalización do Comité das Rexións e a súa configuración como terceira cámara con poderes lexislativos, representante das rexións e territorios.

Os presidentes dos parlamentos da CALRE apoian as palabras de Juncker, presidente da Comisión Europea, no seu discurso sobre o Estado da Unión 2015 – “Non hai suficiente Europa nesta Unión e non hai suficiente Unión nesta Unión” – e engaden: “non hai suficientes rexións e parlamentos nesta Unión.” O proxecto europeo non pode ignorar a implicación dos parlamentos a cada nivel, a nivel europeo, nacional e rexional.

Neste sentido, as singularidades, propostas e iniciativas das rexións e autoridades locais deben ser un activo no proxecto común europeo e contribuír a dar resposta aos retos principais en temas institucionais, políticos, económicos, sociais e humanitarios aos que a UE fai fronte na actualidade.

De conformidade coas provisións do Tratado de Lisboa, os parlamentos da CALRE deben fortalecer a súa capacidade para participar tanto no seguimento da implementación do principio de subsidiariedade coma no diálogo político. Este esforzo terá que ser levado ao socio europeo de referencia, o Comité das Rexións, así como unha estreita cooperación cos respectivos parlamentos nacionais.

A Comisión Europea non debe só, como foi anunciado polo seu presidente “ser mellor e ambiciosa nos temas importantes e máis modesta nos aspectos menos relevantes”, pero terá que respectar mellor os territorios e conseguir que se involucren máis, así os

problemas máis relevantes serán abordados. Sen este *cambio de pensamento* será máis difícil superar a distancia entre os cidadáns europeos e as institucións e imos seguir construíndo sobre cimentos débiles de consentimento.

Os parlamentos rexionais da CALRE teñen a responsabilidade para incrementar a capacidade de representación dos seus territorios con respecto das autoridades europeas. Polo tanto, é apropiado estimular e asegurar a participación no procedemento legislativo europeo, asegurando unha transposición efectiva da lexislación europea. O obxectivo é garantir que a acción legislativa da UE, que afecta a máis do 70% da lexislación territorial, poida incorporar un enfoque transversal da política entre as súas diferentes responsabilidades.

Unha regulación mellor é un proceso que inquieta a todos os niveis legislativos. Os parlamentos rexionais da CALRE sinalan a importancia de investir recursos e capacidade en políticas públicas de avaliación e de análise do impacto territorial, incluso a nivel europeo, para axudar os lexisladores europeos a ser sostibles e compatibles co benestar dos territorios.

A CALRE invita á Comisión Europea a diferenciar as institucións rexionais representativas dos territorios (grupos de interese institucional), que son parte integral do proceso de gobernanza a multinivel, dos propietarios de intereses privados (grupos de interese privado), porque só os primeiros, democraticamente electos, constitúen a síntese democrática das necesidades reais dos cidadáns. Do mesmo xeito, tamén o Comité das Rexións, lugar de representación das autoridades rexionais e locais, debe obter un papel diferenciado dos propietarios de intereses individuais.

A CALRE invita as institucións europeas a continuar o debate sobre a reforma do sistema financeiro propio da UE e desexa a implicación do Comité das Rexións e da propia CALRE.

A CALRE e o Estado da Unión: a política

Os parlamentos rexionais da CALRE teñen a tarefa, xunto cos gobernos rexionais, de promover políticas destinadas a eliminar as diferenzas de desenvolvemento, a incrementar as oportunidades para o crecemento e a inclusión social dos cidadáns e de promover a cohesión económica dos territorios: isto debe ser feito a través dunha planificación eficaz dos fondos estruturais.

A CALRE cre que, como parte das prioridades da UE, da estimulación do emprego, crecemento e investimento, as rexións poden e deben xogar un papel importante na execución do Plan Juncker, investindo en proxectos de economía circular que fortalecerá a natureza inclusiva do mercado laboral.

O Plan Juncker, anunciado en novembro de 2014, ten por obxectivo promover o crecemento e emprego en Europa e espera mobilizar cerca de 315.000 millóns de euros para o período de tres anos desde o 2015 ao 2017. Isto desenvolveuse en tres liñas: 1, a creación dun fondo de investimentos estratéxicos; 2, a creación dunha reserva de garantía crible; 3. o incremento da atractividade de Europa con respecto aos investimentos estranxeiros. Neste contexto, as rexións teñen que ser protagonistas tanto na definición de proxectos innovadores e eficaces coma na integración de instrumentos financeiros dispoñibles.

Nunha situación económica desfavorable, é imperativo dirixir a execución da programación dos Fondos Estruturais e Europeos de Investimento e do Fondo Europeo de Investimento, en relación cun criterio de avaliación dos proxectos, e o seu impacto e uso propio nos territorios, de acordo coas prioridades territoriais europeas.

Neste sentido, necesitamos fortalecer a capacidade de investimento das autoridades locais e rexionais, manter fortemente o principio dunhas finanzas públicas saneadas e equilibradas e, ao mesmo tempo, executar eficazmente as provisións da Comunicación da Comisión Europea en relación coa aplicación das marxes de flexibilidade na gobernanza económica europea.

A CALRE declara o seu forte apoio ao traballo institucional e administrativo que ten lugar a nivel europeo. Este traballo refírese á cooperación fronteiriza, ao desenvolvemento e á implementación das estratexias macro-rexionais. Hai un marco integrado que lles permite aos estados membros, terceiros países, pero sobre todo rexións e autoridades locais con características territoriais comúns, facer fronte aos retos compartidos e intensificar a cooperación na cohesión económica, social e territorial.

Isto debe ter lugar coa cooperación de axentes económicos e sociais dos territorios implicados, de acordo cunha interpretación propia do principio de subsidiariedade no proceso das estratexias macro-rexionais.

A CALRE tamén sinala o instrumento AECT (Agrupación Europea de Cooperación Territorial), que será, mesmo se aínda non se utiliza o suficiente, útil para converter en acción os principios da cooperación fronteiriza.

Á luz do constante fluxo de inmigrantes (que veñen principalmente de países do Mediterráneo, da África Subsahariana e do Medio Oriente) que nos últimos anos tivo un impacto principal na hospitalidade europea, a CALRE considera apropiado unha revisión do actual sistema de Dublín e a execución e o reforzo das normas comúns existentes por todos os estados membros, así coma unha estreita coordinación entre os diferentes niveis de goberno para facer fronte aos retos de acollemento e integración.

A CALRE estimula unha acción diplomática eficaz europea para controlar a inmigración ilegal. Debe combaterse a inmigración ilegal, pero sempre, ao mesmo tempo, promover e reclamar o respecto dos dereitos fundamentais dos inmigrantes, respondendo a este reto histórico con “xenerosidade, solidariedade e responsabilidade”. (*Parlamento de Bruxelas*).

Tamén, en relación á Conferencia de París (COP 21) no marco da Convención de Nacións Unidas sobre o Cambio Climático, que se celebrará en París do 30 de novembro ao 11 de decembro, os parlamentos rexionais con poderes legislativos son conscientes que a loita contra o cambio climático se gañará nos territorios, e especialmente nas cidades, onde o 75% dos europeos vive e traballa, usando preto do 80% da enerxía total producida en Europa.

A CALRE, polo tanto, espera que se faga fronte a este reto adoptando políticas sostibles de planificación do espazo, da paisaxe e do transporte.

Para permitir un crecemento sostible, intelixente e inclusive real dos nosos territorios, Europa terá que continuar co desenvolvemento dunha estratexia política estable que tamén avance na igualdade de xénero.

ANEXO Á DECLARACIÓN

A CALRE na esfera internacional

O contexto no cal os parlamentos rexionais, subnacionais e nacionais operan nos países europeos está cambiando, tanto nas relacións coas institucións supranacionais coma no crecemento puramente a nivel local de municipalidades e cidades metropolitanas. É, polo tanto, importante considerar as razóns que xustifican o nivel territorial de

representación, co cal os parlamentos rexionais, subnacionais e nacionais aínda se invisten.

Esta reflexión é real nun contexto europeo, pero tamén no resto do mundo, e, por este motivo, a CALRE iniciou un proceso de fortalecemento das súas relacións con outras asociacións en Europa e máis alá. Durante o 2015, este proceso levou ao asinamento dun Memorando de Entendemento coa NCSL (a Conferencia Nacional das Lexislaturas dos Estados), a Conferencia que reúne os lexisladores dos Estados Federais de América, e a un Memorando de Entendemento co Comité das Rexións, que renovou un acordo de colaboración xa asinado, que o relanzou sobre unha nova base e con novas resolucións.

Esta actividade nun contexto internacional axudou a fortalecer a convicción da utilidade de continuar co desenvolvemento dun diálogo produtivo entre as diferentes realidades lexislativas ao nivel subnacional. O desenvolvemento dunha diplomacia parlamentaria rexional pode axudar a crear capacidades e desenvolver mellores prácticas que permitan afrontar os principais retos aos que se enfrontan os nosos territorios na actualidade, como son os fluxos migratorios, a integración social, o cambio climático e o desenvolvemento dunha boa gobernanza baixo a premisa das novas tecnoloxías da información e comunicación.

Por estas razóns, a CALRE promoveu a organización dun Foro Mundial de Asembleas Lexislativas Subnacionais, co obxectivo de promover o intercambio de experiencias e boas prácticas, de reflexión sobre temas de representación e soberanía, de identificación de políticas comúns sobre temas de relevancia para todas as nosas asembleas, pero aínda máis da promoción dun recoñecemento mutuo, coa intención de crear unha verdadeira democracia global.

Baixo estes principios, a CALRE chama a atención das asembleas lexislativas reunidas no Foro Mundial o “Manifesto das asembleas lexislativas rexionais e subnacionais sobre unha democracia global verdadeira”, en anexo á Declaración da CALRE de Milán e formando parte integral desta.